

Instituto da Lingua Galega

I.- Calquera pode percibir nos corredores universitarios que a lingua utilizada polos estudantes vai sendo cada día máis o galego

Hoxe nesta páxinas escollémos a presentar a labor non individual senon conxunta que se ven realizando no Instituto da Lingua Galega tan vinculado a nosa Universidade e de tan transcendental importancia.

Tivemos a oportunidade de chegar os recantos e a os auténticos tesouros da nosa lingua acompañados a ratos —casi sempre— don Constantino García, director do Departamento de Filoloxía Románica e Director asimismo do Instituto, pero tamén entón Santamarina, adxunto de Filoloxía Románica e Segretario. Guillermo Rojo, (Ibaro Alvarez, Manolo González, Francisco Fernández Couceiro, e un largo etcétera, que añadiron o paisaxe humano. Todo elo nos fixo ir de sorpresa en sorpresa e descubrir a importancia da lingua nun pobo.

Preguntamos o seu director, ¿cáles son os fins inmediatos do Instituto?

—A necesidade do Instituto veu dada polo volumen e a importancia dos traballos sobor de temas de lingüística galega realizados ou en vía de execución no departamento de Filoloxía Románica. Os seus fins inmediatos son a promoción da lingua galega: o estudo sincrónico da realidade lingüística do galego actual, rexistro lexicográfico galego, promoción de traballos e tesis doctorales, formación de persoal investigador, e ser o órgano de relación entre profesores españoles e extranxeiros interesados neste campo.

Na súa organización estrutural existe un Patronato; un Consello de Dirección; un persoal científico composto amais de catedráticos e profesores agregados do Consello de Dirección que estará formado por investigadores, colaboradores e becarios. Os membros colaboradores serán designados polo Consello de Dirección do Instituto por un período de tempo limitado de tal forma que poidan servir de axuda a plans concretos de investigación. Existen asimismo membros honorarios que son nomeados polo Pa-

tronato a proposta do Consello antes aludido.

Os recursos económicos veñen por parte das consignacións dos organismos correspondentes do Ministerio de Educación e Ciencia; Universidá; Facultá; Comisión de Investigación, etc.,. Contan asimismo con subvencións de fundación particulares, máis os ingresos procedentes de publicacións, cursos, etc., levados a cabo polo propio Instituto.

17 TESIS DOCTORALES

Seguimos preguntando a don Constantino García:

—¿Cál ven sendo o método de traballo cos alumnos desta Facultá?

—O traballo de investigación cos alumnos é moi importante; xa nos derradeiros cursos poden dar lugar a tesinas. En cifras, nos derradeiros once anos leváronse feitas noventa e tantas sobre temas galegos e na maior parte, delas recollense léxicos de zonas rurales, léxicos medievales, problemas gramaticales, parafrafas verbales, etc. Mais non é único o tratado destes temas xa que tamén haios de francés, catalán, castelán, etc.

Logo siguen as tesis doctorales e a labor de investigación; hastra o momento lévanse feitas dazasete tesis, das cales doce son sobre temas galegos. Este material ten a finalidade —aparte de investigadora— de unha serie de publicacións, algunhas xa feitas e outras que quedan por facer.

—A nivel do ensino ¿cómo se contemplan estas realizacións?

—Cando se creou o Instituto da Lingua Galega, en maio de 1971 como instrumento universitario de investigación científica que coordinase os traballos dos diversos departamentos uni-

versitarios, en torno a lingua galega, pensouse que o Instituto podería servir tamén de motor pra introdución do galego nos centros de ensino. Por eso, tendo en conta que, aparte dos problemas puramente lingüísticos, non se podían deixar de lado os de tipo pedagógico, psicológico e sociolingüístico, acordouse nos seus estatutos que un dos seus fins inmediatos sería o estudo, a promoción e o cultivo da lingua galega.

—A nivel universitario

por os cursos actuais. Por outra parte a maior parte dos alumnos de Filoloxía Románica ou Moderna quedan capacitados pra impartir a asignatura posteriormente no ensino medio. Gran parte das tesis de licenciaturas e doctorales redáctanse en galego. Pro, a forza de atracción é tanta que calquera pode percibir nos corredores universitarios que a lingua utilizada polos estudantes vai sendo cada día máis o galego.

Tamén nas Escolas Univer-

Lingua Galega, acometéu esta tarefa que é a máis difícil e a máis interesante de todas: a escolarización do neno galego dende o galego. Nas conclusións tras «As primeiras xornadas de traballo sobre bilingüismo» que se celebraron en Santiago no mes de xunio do 73, concretáronse nestes puntos: Consideración imprescindible de un tratamento escolar da lingua galega como medio máis axeitado pra desenvolver a conciencia, no neno, da súa identidade co-



podemos falar de realidade?

—Na Universidá a situación é satisfactoria. Na Facultade de Filosofía e Letras hai cátedra, agregación e adxuntía de galego. Constitúen un Departamento que funciona como un Departamento Universitario calquera. Os alumnos de diversas seccións poden asis-

tituírsese de Formación do Profesorado de Ensino Xeral Básico e nos Colexios Universitarios, prendeu hai tempo o lume do entusiasmo pola lingua nativa.

SITUACION BILINGUE

—E no ensino medio, ¿existe esta mesma inquietude a desenrollo?

—Neste ensino iniciáronse xa ao curso 1971-72 unha serie de reunións con directores de Instituto e Inspectores que deron como resultado o que en trece Institutos da rexión se realizasen cursos de iniciación ó galego, tencgo como texto o «Galego I». A estes cursos asistiron voluntariamente varios centenares de alumnos. Isto da significación en certa forma da labor realizada.

—Ustede coñece perfectamente as dificultades existentes nas primeiras etapas escolares onde o neno galego sintese un pouco marxinado ¿Tratan de atallar iste grave problema eiquí no Instituto?


—Unha vez en marcha o sistema educativo no ensino medio, o Instituto da

mo persoal e máis integrante dunha sociedade: unha maneira eficaz no aprendizaxe, un mellor coñecemento e dominio da lingua castelán. A necesidade de estudiar as técnicas máis axeitadas pró tratamento educativo da situación bilingüe na nosa rexión seguindo unha metodoloxía apropiada. E ante a evidencia da necesidade de dar unha solución urxente e problema emprender conjuntamente o ICE e mailo o ILG unha labor de promoción de actitudes cara o bilingüismo por parte do profesorado, así como a súa capacitación no referente ó seu dominio da lingua, unha didáctica especial nunha situación bilingüe. Chegamos a conclusión de que era necesario o uso do galego na aula, lecturas ou, en xeral, calquera actividade que poida contribuir a eliminar a actual situación de inferioridade que ten o neno galego-falante.

JOSE ANTONIO CARIDE

(Fotos M. Blanco)

(Continuará)



eiza
abesta

- AMPLIOS COMEDORES
- COCINA SELEITA
- PERSONAL ESPECIALIZADO EN BANQUETES, CASOIRO E REUNIONS SOCIALES

RESTAURANTE

PAMPIN

(A 8 km. de Santiago)

VOSAS ESPECIALIDADES:

- LENGUADO PAMPIN
- RODABALLO RIAS BAIXAS
- MARISCO DE TODAS CLASES